



CONCELLO DE SADA

ANUNCIO

O Concello de Sada, dada a urxencia do servizo ao que se precisa dar cobertura, e tras quedar deserto o proceso selectivo aprobado polo Decreto da Alcaldía núm.972/2016 do 21 xuño e convocado mediante anuncio publicado no BOP núm.119 do 23-06-16, convoca a seguinte oferta de emprego:

| | |
|---|--|
| Denominación Praza | 3 socorristas de instalacións acuáticas para a piscina do Complexo Industrial "Cerámicas o Castro" cedida para uso municipal. |
| Modalidade de contratación | Contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado en réxime de xornada parcial (49,79% equivalentes a 18 horas e 40 minutos á semana) polo prazo de 2 meses dende a formalización do contrato |
| Retribucións | 479,9 € brutos mensuais máis a parte proporcional dunha paga extra semestral. |
| Sistema selectivo | Contratación directa |
| Prazo presentación instancias e documentación acreditativa dos requisitos | 2 días hábiles |
| Requisitos | a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP. b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. c) Estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente e do título de coñecemento de lingua galega CELGA 3, a súa validación ou equivalente. d) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (sección: instalacións acuáticas), de conformidade có Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia (DOG nº 67 de 09/04/2012). e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas de conformidade coa Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. Idénticos requisitos seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso. f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial. |

O prazo de presentación de instancias e documentación contarase a partir do día seguinte ao de publicación deste anuncio na web municipal: www.sada.gal

Sada, 8 de xullo de 2016

O Alcalde

Oscar Benito Portela Fernández



-Taboleiro
-Web